

Dámoslle a nosa benvida a esta mostra, na que amosamos o traballo realizado polo Arquivo Municipal e o Obradoiro Arqueo Lucus , feito durante estes últimos anos, baixo a dependencia das Concellerías de Desenvolvemento Sostíbel e Persoal, mais da Concellaría de Economía.

Hoxe día 9 de xuño de 2016, celébrase o Día Internacional dos Arquivos, en recordo do día que a UNESCO creou o Consello Internacional de Arquivos, de arquivistas de todo o mundo , no Congreso do ICA en 2004 Tódolos arquivos do planeta aproveitan este día para amosar o seu traballo máis recente ou dar a coñecer as *xoias da coroa* dos seu fondo ou fondos que custodian , en aras de salientar a importancia da conservación da memoria colectiva dos pobos, que reside neles, de tal forma que ao longo do tempo os historiadores e outros investigadores poidan reconstruír a entorna na que viviron os seus antepasados , así como os feitos históricos acaecidos séculos atrás o mesmo que as imaxes dos mesmos.

Os arquivos, en xeral, ademais desta tarefa de conservación e difusión teñen outras funcións sen a cales non se podería nin conservar nin difundir os seus documentos de arquivo tales como a **organización** destes mediante traballos como a clasificación e a ordenación dos documentos, producidos en calquera que sexa o seu soporte: papel, audiovisual, electrónico o outro que poida darse.

Os arquivos públicos, suman a estas obrigas as de garantir o libre acceso á información que gardan nestes documentos , soamente coas limitacións lexislativas que procedan . Son por tanto os garantes da transparencia e garda dos dereitos dos cidadáns e cidadás, que se derivan destes.

Os arquivos municipais son arquivos públicos, polo tanto réxense por estas directrices, na actualidade contidas na lexislación española dende o artigo 105 da Constitución, pasando polas leis autonómicas e a lexislación de réxime local.

Dise sempre, dentro da nosa profesión, que no hai arquivo sen arquivista/a , xa que son estes profesionais os que están formados para realizar as tarefas mencionadas, pódese pois dicir que o Arquivo Municipal de Lugo, independentemente do traballo dos arquivistas que podo haber durante o Antigo Réxime e o século XIX, cumpre 25 anos de existencia, pois é no ano 1991 cando se procede a recoller un montón de documentos de arquivos colocados en estanterías varias, nos distintos edificios municipais, pero sen organización, nin descrición de ningún tipo, aos que hai que engadir os depositados no ano 1953, depósito que aínda se conserva, no Arquivo Histórico Provincial, dos que si existía un inventario e estaba organizado por temas: Quintas, Urbanismo etc. (1177-1884).

Nese ano ,ao non haber espazo habilitado suficiente, nos edificios do Concello faise outro depósito no devandito Arquivo de titularidade autonómica (1884-1955), aínda que ao ir avanzando na organización do fondo documental do Concello, foron aparecendo máis documentos de arquivo que xa quedaron en custodia no depósito do Arquivo Municipal actual

Na actualidade a parte do fondo titularidade é do Concello de Lugo que se custodia no arquivo desta institución consta de 37.000 unidades de instalación (arquivadores) y case 3.000 fotografías, a maior parte delas adquiridas polo Padroado de Cultura en 1990 ao Sr. Delgado Guisasola, accesibles na web do Concello, gracias ao traballo realizado pola Escola-Obradoiro *A Memoria da Cidade*, instalados nun depósito de 370 m2.

O Arquivo Municipal, dependente da Concellería de Desenvolvemento Sostible e Persoal, forma parte da posta en marcha da Administración electrónica no Concello de Lugo, mediante distintas actuacións, tales como a conservación de fondos en soporte electrónico, labor que vai facendo pouco a pouco e levando a cabo os traballos de xestión documental electrónica, que lle competen segundo a lexislación vixente, e sendo parte fundamental do libre acceso a información dentro da política de transparencia fixada no devandito Concello.

Para celebrar esta data tan importante o Arquivo Municipal desta cidade quixo poñer a disposición de tódolos veciños/as de Lugo as Actas de Pleno do século XVI, producidas polo entón coñecido como Consistorio de Lugo , recibindo o nome de Actas Capitulares, nelas quedan recollidas todos os feitos históricos acaecidos neste século. A sinalar que están custodiada , en depósito, pero sendo propiedade do noso Concello, no Arquivo Histórico Provincial.

O primeiro a sinalar é que neste século escribíse o primeiro libro de actas do Consistorio lucense que se conserva, no ano 1545, que comeza polo acto da formación do Corrixemento de ese ano

Dentro de encadernacións de becerro, e escritas en letra coñecida como “cortesana cursiva”, quedan fitos tan importantes como a edificación do primeiro edificio que albergou o Concello coñecido como Casas da Feira, ou Feira Vella, froito dun acordo do co Bispo da cidade, a cambio de ceder a este un pazo situado a outro lado do río, onde se sitúa a residencia veraniega do mesmo. A construción da primeira Casa Consistorial como tal , case no mesmo sitio no que esta o actual Concello, e deseñada por Pedro de Artiaga, en 1570, financiada por un imposto chamado “sisa” sobre o viño, aceite e carnes, imposto co cal tamén se será financiado o arranxo do acueduto romano, nestas datas , ou a construción da primeira praza de touros de Lugo que foi

feita no ano 1579. Tamén é deste século o Seminario de S. Lorenzo, actual Convento dos Franciscanos.

A posta en marcha do Tribunal da Inquisición no ano 1574 ou a orde de non lavar a roupa no río , para preservar as termas romanas son feitos que suceden neste século.

Poderíamos seguir a nomear o acontecido nesta centuria, pero é imposible nun artigo, así que recoméndolles que as disfruten nesta web do Concello de Lugo e se lean os artigos que acompañan, explicando o contido destes Libros Capitulares.

Para rematar o noso agradecemento ao persoal do Obradoiro de Emprego Arqueo Lucus, que realizou os traballos de dixitalización das Actas Capitulares dos séculos XVI e XVII, e a Concellería de Economía do Concello que os propiciou.

A ARQUIVEIRA MUNICIPAL

M<sup>a</sup> Jesús Saavedra Carballido